



Olló Piollo

Proposta didáctica



Introdución

Os vossos alumnos están por asistir ao fantástico concerto de Olo Piollo.

Somos un grupo creado no 2021 co fin de dar unha alternativa galega musical ao público infantil. Formado por músicos e animadores profesionais. En OLLO PIOLLO logramos concertos inesquecibles grazas a ritmos do máis variados: dende country e bossanovas, ata hip hop e reggaeton!

Un grupo formado no ámbito da educación, o lecer e o tempo libre que consegue que tanto público novo coma adulto baile, cante e festexe ao máximo!

A través desta proposta didáctica traballaremos algunhas competencias recollidas na Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE) e no Decreto 155/2022, reguladoras da educación formal, que gardan relación cos contidos do espectáculo nas áreas de Educación artística (plástica, visual e musical) Lingua Galega e Literatura e tradición oral galega.

Obxectivos

- **Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e desenvolver hábitos de lectura.**
- **Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.**
- **Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.**

Actividades propostas

COMPETENCIAS

- Competencia plurilingüe
- Competencia dixital
- Competencia en conciencia e expresión culturais
- Competencia en comunicación lingüística

SABERES BÁSICOS

- Desenvolver a creatividade artística
- Motivar o uso da lingua galega
- Promover e utilizar de maneira apropiada a lingua galega
- Recoñecer e utilizar diferentes representacións e expresións artísticas

Actividades propostas

As actividades aquí suxeridas permiten unha mellor comprensión do espectáculo e contribúen ao desenvolvemento das competencias e saberes básicos expresados anteriormente. Non teñen porque desenvolverse todas e poden adaptarse ás necesidades tanto dos docentes coma do alumnado.

Actividade 1

MÚSICA DE OLLO PIOLLO

Para esta actividade propoñemos utilizar as cancións de Ollo Piollo como ferramenta para a promoción do uso da lingua galega entre o alumnado. Tamén se pode aproveitar para sinalar os diferentes xéneros musicais presentes e alimentar a sensibilidade artística dos nenos e nenas. Sería ideal realizar esta sesión antes de asistir ao concerto para que así os cativos poidan seguir as cancións en directo.

RECURSOS DIDÁCTICOS

Adxuntanse as ligazóns ás cancións en Youtube na versión “Canta ti” para poder seguir a letra

Ligazón das cancións (Anexo I)

Actividade 2

DE ONDE VEÑEN AS CANCIÓNS?

Cantas das cancións de Olo Piollo están inspiradas ou falan dalgunha tradición ou festividade galega?

Podemos aproveitar a revisar co alumnado canto saben das tradicións galegas e cales celebran na súa casa.

Pode realizarse a actividade despois de ter asistido ao concerto para que os nenos e nenas xa estean máis familiarizados coas cancións do grupo.

RECURSOS DIDÁCTICOS

Cancións de Olo Piollo (Anexo I)

Actividade 3

COMPLETA A CANCIÓN

Xa aprendiches as cancións de Olo Piollo?

Con esta actividade podemos traballar a lectoescritura e a atención do alumnado a través das letras das cancións. Colleremos as letras e as modificaremos deixando ocos baleiros nalgunhas frases para que o alumnado poida enchelos coa palabra correcta mediante a escoita da canción.

RECURSOS DIDÁCTICOS

Cancións de Olo Piollo (Anexo I)

Letras das cancións (Anexo II)

Letras impresas cos ocos baleiros

Anexo I - Cancións



BATEA



PEPIÑA MARUXIÑA



CHURROS



DINO



PEIXIÑO



SANDÍA



MONOS



SAMAÍN




VOUME DE FESTA



Fai click na
imaxe

Anexo II - Letras

[Acceso ás letras facendo click aquí](#)



GRAZAS

www.barafundateatro.com/ollo-piollo/

Contacto: barafunda@barafundaanimacion.com - 986221218

